

RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO: ARQUITECTO TÉCNICO NO CONCELLO DE CEE.

EXPEDIENTE DECRETO: 2022/G003/000743

ANTECEDENTES:

Visto o decreto de alcaldía de data 22-04-2022, número 380/2022, se aproban as Bases procedemento selección, polo sistema de concurso oposición, para arquitecto/a técnico/a (funcionario/a interino/a) e posterior formación dunha bolsa de traballo

Considerando que por decreto Nº609/2022 de data 1 de xullo de 2022, apróbase a “Lista definitiva, formación de bolsa e requirimento de documentación ao candidato proposto para arquitecto técnico (funcionario/a interino/a)” e requírese ao primeiro candidato/a por orde de puntuación para que aporte a documentación establecida nas bases da convocatoria.

Vistas as renuncias presentadas e decretos de toma de razón.

Resultando que por Resolución da alcaldía de data 4 de xullo co Nº 611, se resolve requirir documentación o candidato.

Visto que con datas 6 de xullo e 7 de xullo de 2022, con NRE respectivamente 202299900001020 e 1882 o candidato/a aporta a documentación solicitada.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.-Nomear a **D. FRANCISCO JAVIER NOYA MÉNDEZ**, con **DNI 33287767 M**, para ocupar unha praza de arquitecto técnico, como funcionario interino do Concello de Cee, encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A, Subgrupo: A2, nivel 24, de conformidade co establecido nas Bases que rexen o procedemento.

Segundo.- O aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo de establecido legalmente a contar dende a publicación deste decreto no taboleiro de anuncios municipal, na sede electrónica do Concello e no BOP segundo establece a base décimo terceira da convocatoria.

Terceiro.- Proceder á publicación deste decreto no BOP, na sede electrónica municipal do Concello de Cee e no taboleiro de anuncios do concello.

Cuarto.-Notificar a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015”

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2022/G003/000743

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]